

CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E O CONCELLO DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA NA CORUÑA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa **Secretaría de Estado de Turismo e co Concello da Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres anos e seis meses dende a data da súa sinatura e sen prexuízo das posibles prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística na Coruña Sustentable e Dixital.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1. Que o Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación da economía e o emprego, crea no seu artigo 10 os «Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos», como instrumentos para a prestación, por parte da Secretaría de Estado de Turismo, de apoio ao investimento en actuacións de impulso, adecuación e mellora dos destinos turísticos co fin de aumentar a súa sustentabilidade.

Que a Administración Xeral do Estado, en virtude das competencias reservadas ao Estado polo artigo 149.1.13.^a da Constitución (bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica), así como do principio de cooperación, elaborou o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, integrado dentro do terceiro alicerce de “Mellora da competitividade do destino turístico” do Plan de Impulso do Sector Turístico presentado polo Goberno o 18 de xuño de 2020.

2. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei



Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da Mariña Lucense promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

3. Que o concello de A Coruña, a través do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local (en adiante LBRL), o artigo 80.2 letra n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 3 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, elaborou diversos proxectos para a mellora turística do municipio de A Coruña en relación coas liñas estratéxicas e os programas da Secretaría de Estado de Turismo e o Concello de A Coruña..
4. Que a Comisión Sectorial de Turismo, celebrada o 25 de xuño de 2020, aprobou o «Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos», ratificado en Conferencia Sectorial de Turismo de data 13 de xullo de 2020, e ratificada a súa actualización en Conferencia Sectorial de Turismo do 17 de febreiro de 2022, en desenvolvemento do Plan de Impulso ao Sector Turístico. O obxectivo do Programa é avanzar na transformación dos destinos turísticos cara a un modelo baseado na sustentabilidade ambiental, socioeconómica e territorial e, en particular:
 - Abordar un gradual reposicionamiento dos destinos turísticos de sol e praia cara a modelos máis competitivos e sustentables, sen traspasar os límites da súa capacidade de carga ambiental
 - Consolidar modelos turísticos sustentables en destinos urbanos



- Impulsar o desenvolvemento dos destinos turísticos situados en áreas rurais e/ou en espazos naturais protexidos
5. Que de acordo co disposto no apartado 4 do artigo 10 da Real Decreto Lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, a Secretaría de Estado de Turismo, as comunidades autónomas e, no seu caso, as entidades locais competentes por razón do territorio asinarán convenios nos cales se determinarán as actuacións para realizar, o importe estimado do investimento, o prazo de execución e a porcentaxe de achega ao financiamento das administracións participantes, que no caso da Secretaría de Estado de Turismo non poderá superar o cincuenta por cento do total de cada Plan.
 6. Que a Conferencia Sectorial de Turismo celebrada o 28 de xuño de 2022 ratificou a aprobación do Plan de Sustentabilidade Turística na Coruña sustentable e dixital, obxecto do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

